

# Acta da Asemblea Xeral Ordinaria da FANPA - Pontevedra

## Datos da sesión

Lugar: Salón de actos do Pazo da Cultura de Pontevedra (Rúa Alexandre Bóveda, s/n. Pontevedra)

Data: 27 de febreiro de 2016

Hora: 10:00 h en 2ª convocatoria

## Orde do día

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da asemblea anterior
2. Exame e aprobación, se procede, das contas do exercicio anterior (2015)
3. Exame e aprobación, se procede, do orzamento do exercicio 2016.
4. Exame da memoria de actividades e aprobación, se procede, da xestión da Xunta Directiva.
5. Aprobación, se procede, do programa de actividades.
6. Lectura e aprobación do escrito rexeitando o peche de aulas e solicitando a reapertura das liñas pechadas.
7. Lectura e aprobación do escrito solicitando a modificación do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a FEGAMP para a cesión de instalacións deportivas dos centros educativos.
8. Rolda de intervencións.

## Asistentes

- Xunta directiva:
  - Rogelio Carballo Solla (Presidente)
  - Javier Sánchez Sobral (Secretario)
  - Jose Mª Camiña Chaves (Tesoureiro)
  - Miguel Angel Sánchez Guillén (Vicepresidente)
  - Francisco Freire Vila (Vogal)
  - Félix Álvarez Filloy (Vogal)
  - Alba Mª González Pereira (Vogal)
- Delegados/as de ANPA. Asisten 16 delegados/as de 10 ANPA socias.
  - Os Valados: 1 delegado
  - Río Lérez: 1 delegado
  - O Castro: 2 delegados
  - O Verxel: 2 delegados
  - San Martiño: 1 delegado
  - A Carballeira: 2 delegados
  - Pardo Bazán: 2 delegados
  - Joaquín Costa: 1 delegado
  - Sementeira: 2 delegados
  - Volvoretta: 1 delegado

## 1 - Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

Procédese á lectura da acta da Asemblea Xeral Extraordinaria do 6 de outubro de 2015. Apróbase por unanimidade (16 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións).

## 2 - Exame e aprobación, se procede, das contas do exercicio anterior (2015)

Exponse por parte do tesoureiro as contas do exercicio 2015 e os seus principais epígrafes. Especifica que o gasto correspondente a Tokapp School xa non se producirá en 2016. Pregúntase por unha ANPA que é e explícaselle que é unha aplicación de mensaxería. Din que no Froebel usan “Remind”

Procédese a votar as contas e son aprobadas por unanimidade (16 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións)

## 3 - Exame e aprobación, se procede, do orzamento do exercicio 2016

Neste intre incorpórase un delegado da ANPA Andaina.

Exponse o orzamento do exercicio 2016 por parte do tesoureiro. Non se produce ningunha petición de aclaración por parte dos delegados presentes.

Procédese a votar o orzamento de 2016 e é aprobado por unanimidade (17 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións)

## 4 - Exame da memoria de actividades e aprobación, se procede, da xestión da Xunta Directiva

Neste intre incorpórase un delegado da ANPA As pistas.

O presidente expón as actividades e actuacións principais desenvolvidas durante o último ano:

- Asistencia ás ANPA que o solicitaron.
- Comedor e madrugada nos centos de Campañó e A Carballeira. Comezando en Lérez.
- 7 novas ANPA federadas.
- Xestións ante a Concellería de Educación.
- Representación fronte os grupos políticos. En especial o relativo á subvención de igualdade.
- Recurso polo decreto do fondo de libros.
- Xestión ante o Concello de Pontevedra das bases de subvencións as ANPA.
- Deputación: Estudio convenio para curso de formación (en prácticas). Monitores de tempo libre.
- UVigo: Relación fluída pero non frutificou en nada concreto.
- Obra social Caixa: 6000€ que se destinarán a gastos de comedor (monitores de necesidades especiais)
- Secretaría Xeral de Igualdade (Xunta), para a modificación das axudas. Cambiou para que as ANPA non tivesen que pedir os datos económicos ás familias. A secretaria xeral pediu un informe sobre os requisitos que son dificilmente asumibles pola maioría das ANPA para modificalo para o ano seguinte.
- Comedores Xunta. Teñen problemas coa empresa porque reduciron moito o prezo. Os problemas nos repercuten a nós tamén. Pedíronnos explicar as boas características dos catering.

- Presencia en redes sociais aumentada. Modificación da páxina web en progreso. Se piden suxerencias.

Procédese a votar a memoria de actividades e xestión da Xunta Directiva e son aprobadas por unanimidade (18 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións)

## 5 - Aprobación, se procede, do programa de actividades

O Vicepresidente expón o programa de actividades para o ano 2016 recollido no anexo III.

O presidente expón o congreso de innovación e participación educativa. Queremos saber en que punto estamos e poñer a Pontevedra no mapa. Dirixido a pais e mestres. Está aínda iniciándose o proceso.

Unha nai pregunta se hai ideas e temas. Contestáselle que aínda se están recollendo ideas e a data prevista sería mediados de outubro. Aínda está todo moi indefinido.

Procédese a votar o programa de actividades e é aprobado por unanimidade (18 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións)

## 6 - Lectura e aprobación do escrito rexeitando o peche de aulas e solicitando a reapertura das liñas pechadas

Isto era unha petición previa á apertura da modificación da nova zonificación de Pontevedra, e para este ano todos os centros ofertan as mesmas liñas que o curso anterior, polo que agora carece de sentido.

## 7 - Lectura e aprobación do escrito solicitando a modificación do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a FEGAMP para a cesión de instalacións deportivas dos centros educativos

Na anterior Asemblea pediuse que se redactase este escrito por parte dunha ANPA de Cambados. O presidente procede a ler a proposta de escrito. Unha ANPA pide que se elimine as referencias a secundaria porque pode haber centros de primaria no que as instalación sexan de titularidade da Consellería.

Apróbase por unanimidade o escrito coa modificación proposta no parágrafo anterior (18 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións)

## 8 – Rolda de intervencións

Por parte do presidente expónse o acaecido na reunión do Consello Escolar Municipal de Pontevedra e outras cousas recentes do Concello de Pontevedra:

- Liñas de actuación da concelleira:
  - Plan municipal de igualdade de xénero.
  - Protección da lingua.
  - Participación e cohesión social
- Liñas de traballo:
  - Cidade, contorno e medio urbán
  - Cultura e patrimonio
  - Saúde e medio ambiente
- Bolsa de transporte para os centros da periferia (5 saídas por centro)
- Novo sistema de mantemento dos centros:

- Cambia en competencias pola lei de bases e racionalización do gasto
- Simplificación administrativa
- O ano pasado gastáronse 550.000€. O contrato ten unha contía de 200.000€/ano.
- Pidiuse pola FANPA que se fagan informes do estado dos centros e se priorice segundo o estado. Informes de avaliación que se remitan á Consellería (obras de mellora) e ao Concello (mantemento)
- Nova zonificación. Recriminar á consellería por non ter a proposta global e non participar no proceso (podemos alegar de todas formas). Non estamos no proceso excepto no paso 6 relativo ao Consello Escolar Municipal, que non é vinculante o que se decida.
  - Un ANPA di que ao falar cos inspectores, dixeron que non se pecharían aulas.
  - Hai unha declaración conxunta dos directores e cada centro está facendo alegacións individuais.
  - En Barcelos oficialmente non reduciron o número de liñas. Soamente pecharon a aula para este curso, volvendo a ofertar dúas aulas.
  - Exponse que é moi fácil o peche dunha liña e logo moi difícil a súa apertura.
  - Pídese que se solicite que haxa 18 nenos por aula, para que non se peche ningunha liña.

A ANPA Sementeira (Redondela) expón un problema cunha titoría de 6º. Quéixanse de trato non adecuado. Teñen reunión o luns pola tarde para tratar o tema. O titor pediu aos pais que firmasen un escrito de que non queren que a ANPA os representen no caso.

En entroido un tornado levou parte do teito. As obras levan tempo.

Comedor e madrega o leva o Concello. Cobran moito aos pais respecto o custe real do servizo.

## Finalización da xuntanza

Sendo as 11:50 horas da data sinalada no encabezamento levántase a sesión.

O secretario:

O presidente:

Javier Sánchez Sobral

Rogelio Carballo Solla

## Anexo I: Contas 2015

### LISTADO DE CONTAS INGRESOS E GASTOS DENDE 09/01/2015 ATA 31/12/2015

CONCEPTO	PROVEEDOR/CLIENTE	IMPORTE	
		CONVENIO	FEDERACIÓN
BANCO	SALDO INICIAL A 09/01/2015	203.980,74 €	13.159,45 €
	SALDO FINAL A 31/01/2015	107.455,79 €	23.268,89 €
CAIXA	SALDO INICIAL A 01/01/2015	400,17 €	
	SALDO FINAL A 01/01/2015	401,47 €	
FONDO RESERVA	SALDO A 31/12/2015	800,00 €	500,00 €

 FACTURAS PENDIENTES DE PAGO  
 INGRESOS PENDIENTES

 118.546,30 €  
 92.093,97 €

#### INGRESOS

DO ANO 2014	3ª CONTA XUSTIFICATIVA E LUDONADAL	49.132,83 €	
CUOTAS ANPA	REMESA		8.203,40 €
ENTROIDO	OBRADOIRO ENTROIDO 2015	337,00 €	
RELATO CURTO	GADIS/DEPUTACIÓN/ABANCA		2.246,00 €
SEMANA SANTA		700,00 €	
CONTA CONMIGO		1.137,00 €	
VIVENCIAS EN FAMILIA			2.378,00 €
CONCELLO	JUSTIFICACIONES 2015	128.583,35 €	
	LUDOTECA VERAN	41.938,00 €	
	LUDOTECA NADAL	7.156,00 €	
LA CAIXA	COMEDORES	6.000,00 €	
XUNTA GALICIA			4.527,80 €
XUNTA GALICIA	COMEDORES 2014-2015	51.797,01 €	
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>286.781,19 €</b>	<b>17.355,20 €</b>

#### GASTOS

DO ANO 2014		95.178,98 €	
DEVOLUCIÓN COMEDORES 2012-2014		102.885,34 €	
COMEDOR	SERUNION	127.871,80 €	
	CONTA COMIGO	17.724,82 €	
	TDAH	6.375,00 €	
	RELATO CURTO 2015		4.439,72 €
	VIVENCIAS EN FAMILIA		7.643,58 €
	OBRADOIROS NADAL	7.025,41 €	
	PONTE A CONDUCIR	85,00 €	
	ENTROIDO	387,74 €	
	SEMANA SANTA	327,91 €	
	CONDUCTAS DISRUPTIVAS	514,50 €	
ACTIVIDADES	BOMAR	4.916,21 €	
LUDOTECAS	VERAN	37.118,93 €	
	NADAL	12.442,88 €	
ASESORIA	CYTEM - CONTABLE, LABORAL Y FISCAL	2.336,51 €	
BANCO	COMISIONES	118,80 €	10,80 €
GASTOS CUOTAS E DEVOLUCIÓNS			400,99 €
GASTOS DIRECTIVA			414,39 €
GASTOS OFICINA		7.109,44 €	973,25 €
PERSONAL	NOMINAS-TCs-MOD.111	30.648,10 €	
TELEFONO	TELEFONICA, R, ORANGE	1.960,47 €	
TOCKAPP SCHOOL			193,60 €
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>455.027,84 €</b>	<b>14.076,33 €</b>
<b>BALANCE ANUAL</b>		<b>-168.246,65 €</b>	<b>3.278,87 €</b>

## Anexo II: Orzamento exercicio 2016

<b>ORZAMENTO 2016</b>	<b>274.625,00 €</b>
<b>CONVENIO</b>	<b>206.625,00 €</b>
<b>COMEDORES ESCOLARES</b>	
MADRUGA	126.000,00 €
CONTROL CALIDADE COMEDORES	3.500,00 €
<b>PERSOAL ADMINISTRATIVO</b>	<b>34.500,00 €</b>
ASESORÍA	3.400,00 €
GASTOS OFICINA	5.925,00 €
FONDO RESERVA	800,00 €
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>32.500,00 €</b>
TDAH	3.000,00 €
CONGRESO EDUCACIÓN	12.000,00 €
CONTA COMIGO	12.500,00 €
OBRADOIROS ENTROIDO	1.000,00 €
OBRADOIROS SEMANA SANTA	4.000,00 €
ABACO	0,00 €
PROFESIONS SINGULARES	0,00 €
<b>LUDOTECAS</b>	<b>55.000,00 €</b>
LUDOTECA VERAN	43.000,00 €
LUDOTECA NADAL	12.000,00 €
<b>PROVINCIAL</b>	<b>13.000,00 €</b>
CUOTAS SOCIOS	8.000,00 €
SUBVENCIÓN XUNTA	3.000,00 €
INGRESOS ACTIVIDADES	2.000,00 €
<b>CERTAME RELATO CURTO</b>	<b>4.500,00 €</b>
<b>VIVENCIAS EN FAMILIA 6</b>	<b>3.800,00 €</b>
<b>CAMPAMENTOS INGLES 2</b>	<b>1.000,00 €</b>
<b>GASTOS XUNTA DIRECTIVA</b>	<b>1.000,00 €</b>
<b>GASTOS C. FORMACION</b>	<b>750,00 €</b>
<b>GASTOS OFICINA</b>	<b>1.000,00 €</b>
<b>FONDO RESERVA FANPA</b>	<b>500,00 €</b>
<b>CONFAPA CUOTA ANUAL</b>	<b>450,00 €</b>

## Anexo III: Programa de actividades

### Actividades Concello de Pontevedra

- Entroido: obradoiros de maquillaxe e máscaras
- Semana Santa
  - Ludoteca Semana Santa: Realizada en dous centros para 120 rapaces
  - Obradoiro de Robótica (IES)
- Contaconmigo: Actividades pais con fillos, conta con 15 actividades e como novidade se incorpora surf, kayak, hípica e golf
- Convivencias: Actividad pais con fillos, total de 5 convivencias
- Ludoteca de verán: Recurso de conciliación da vida familiar e laboral. Realízase en 10 centros do concello e dispón de capacidade para acoller 1600 rapaces aproximadamente.
- Ludoteca de Nadal: Recurso de conciliación da vida familiar e laboral. Realízase en 5 centros do concello e dispón de capacidade para acoller 190 rapaces aproximadamente.
- Congreso de educación
- Actividades anuais: Actividades realizadas anualmente en diversos centros do Concello de Pontevedra.
  - TDAH
  - Ábaco
  - Inglés

### Actividades provinciais

- Certame de relato curto
- Convivencias en familia
- TDAH: Actividade nos concellos de Marín e Sanxenxo.
- Ábaco: Actividade realizada no Concello de Marín.
- Inglés: Actividade realizada no Concello de Marín.
- Congreso de educación.
- Curso de formación de ANPA

## Anexo IV: Escrito convenio Xunta – FEGAMP

Rogelio Carballo Solla, con DNI nº 35.321.206Z, presidente da Federación de ANPA de centros públicos da provincia de Pontevedra FANPA

### EXPOÑO:

Que con data 28 de novembro de 2014, a FEGAMP e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinaron o “Convenio Marco de Colaboración entre a FEGAMP e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre o uso, por concellos galegos, de instalacións deportivas de titularidade da consellería”.

No devandito convenio exprésase como obxectivo para a súa formulación “articular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para que as instalacións deportivas titularidade da Consellería, situadas nas inmediacións dos Institutos de Ensinanza Secundaria (IES), poidan ser empregadas polos concellos galegos, fóra do horario e actividades docentes, para fins de carácter educativo, deportivo e cultural”.

Igualmente, na cláusula segunda, Condicións de uso das instalacións deportivas, especificábase que “a dirección do centro resérvase o dereito de preferencia sobre o uso das instalacións que son obxecto deste convenio. Este dereito concrétese na potestade da dirección do centro para denegar as actividades que propoña o concello cando coincidan ou poidan obstaculizar o desenvolvemento de actividades escolares ou extraescolares”.

Pola súa parte, o artigo 120 do título VII Asociacións de pais de alumnos e asociacións de alumnos, do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (Decreto 324/1996, do 26 de xullo, DOG 09-08-96), indícase que estas asociacións poderán, entre outras, “facer uso das instalacións do centro nos termos que estableza o Consello Escolar e a lexislación vixente”.

Neste sentido, na nosa Federación de ANPA temos rexistrado recentemente queixas das ANPA de institutos nos que se está a asinar o convenio específico que desenvolve o convenio marco entre a FEGAMP e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sen que o dereito das ANPA e das asociacións de alumnos de empregar as instalacións titularidade da Consellería de xeito preferente se recolla no devandito convenio. Pola contra, este dereito de uso, que ao ter como fin o desenvolvemento de actividades extraescolares atópase amparado polo Decreto 324/1996 e entendemos que ten carácter prioritario, subordínase á programación e ás normas que o concello incorpora na redacción do convenio específico. Deste xeito vulnérase a capacidade das ANPA de realizar actividades extraescolares, que recordemos, é un dos seus obxectivos estatutarios, ao tempo que se subordina a actividade das asociacións en ámbitos paralelos ou concorrentes aos académicos e que son fundamentais para o desenvolvemento do alumno, respecto ás actividades de entidades privadas alleas ao ámbito educativo e externas á comunidade escolar.

### Polo tanto SOLICITO:

A modificación do Convenio marco entre a FEGAMP e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre o uso, por concellos galegos, de instalacións deportivas de titularidade da Consellería, de xeito que se recolla expresamente o dereito de uso preferente pola comunidade



escolar, as ANPA e as asociacións de alumnos, para o desenvolvemento das actividades propias destas asociacións, do uso das instalacións titularidade da Consellería, fronte ao aproveitamento por parte dos concellos para actividades alleas ás propias da comunidade escolar.

Desenvolver esta modificación mediante os instrumentos regulamentarios procedentes, de xeito que a súa aplicación non quede a discreción dos directores ou consellos escolares de cada un dos centros, titulares e responsables da aprobación dos convenios específicos ao que obriga o convenio marco entre a FEGAMP e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Pontevedra, xx de xxxxxx de 2016